

Informe

Brecha salarial en Galicia

22 de febreiro de 2025

Día pola igualdade salarial

SECRETARÍA DE IGUALDADE

UGT – GALICIA

BRECHA SALARIAL NA UNIÓN EUROPEA SEGUNDO EUROSTAT

A brecha salario/hora en España sitúase no 8,7%

En 2022, segundo os datos de Eurostat, que analiza a brecha salarial en salarios hora,ponse de manifesto que as mulleres seguen gañando unha media do 12,7% menos que os homes na Unión Europea.

UGT resalta a brecha salarial entre mulleres e homes, unha lacra que aínda está lonxe de desaparecer.

European Union - 27 countries (from 2020)	12,7
Euro area – 20 countries (from 2023)	13,1
Euro area - 19 countries (2015-2022)	13,2
Belgium	5
Bulgaria	13
Czechia	17,9
Denmark	13,9
Germany	17,7
Estonia	21,3
Ireland	9,3
Greece	:
Spain	8,7
France	13,9
Croatia	12,5
Italy	4,3
Cyprus	10,2
Latvia	17,1
Lithuania	12
Luxembourg	-0,7
Hungary	17,5
Malta	10,2
Netherlands	13
Austria	18,4
Poland	7,8
Portugal	12,5
Romania	4,5
Slovenia	8,2
Slovakia	17,7
Finland	15,5
Sweden	11,1
Iceland	9,3
Norway	14,4
Switzerland	17,9

Fonte: Eurostat

En todos estes anos lográronse progresos, pero a desigualdade entre homes e mulleres persiste, mesmo no mercado laboral. Na UE, as mulleres aínda gañan de media un 12,7% menos que os homes.

GANANCIA POR HORA NORMAL TRABALLADA. ESPAÑA

As mulleres galegas ocupan o 2º posto de menor retribución por hora percibida de todo o Estado, e a súa retribución é un 11,5 % inferior á dos homes galegos.

	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Brecha salarial
Total Nacional	17,19	16,30	17,96	9,2
Andalucía	15,59	14,93	16,11	7,3
Aragón	16,62	15,67	17,43	10,1
Asturias, Principado de	17,06	15,96	18,01	11,4
Balears, Illes	17,81	17,73	17,88	0,8
Canarias	14,29	14,46	14,14	-2,3
Cantabria	16,17	15,17	17,01	10,8
Castilla y León	15,73	14,94	16,43	9,1
Castilla - La Mancha	15,28	14,62	15,78	7,4
Cataluña	18,42	17,19	19,55	12,1
Comunitat Valenciana	15,66	14,92	16,27	8,3
Extremadura	14,46	14,79	14,19	-4,2
Galicia	15,29	14,37	16,23	11,5
Madrid, Comunidad de	19,47	18,17	20,59	11,8
Murcia, Región de	15,10	13,98	15,93	12,2
Navarra, Comunidad Foral de	18,98	17,82	19,91	10,5
País Vasco	20,84	19,81	21,72	8,8
Rioja, La	16,30	15,55	17,00	8,5

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Ano 2022. INE.

Para poder analizar a ganancia por hora normal traballada en España, é necesario recorrer á Enquisa Anual de Estrutura Salarial do INE, a do ano 2022, publicada o 23 de setembro de 2024. Como xa se indicou, dado que as mulleres teñen maior temporalidade na contratación e maior peso da contratación a tempo parcial, isto pode ser utilizado como escusa para xustificar unha ganancia media anual inferior, que coa ganancia por hora normal de traballo xa non se podería xustificar.

As mulleres galegas perciben un 11,8% menos de salario por hora normal traballada que a media de mulleres do conxunto do Estado, e un 11,5% menos que os homes galegos.

Polo que se refire ás diferenzas por sexo e tal e como ocorre no conxunto de Galicia, os salarios medios por hora nos sete grandes concellos galegos son superiores no caso dos homes aos que perciben as mulleres.

Salarios por hora das persoas empregadas por conta allea segundo o sexo.
Sete grandes concellos. Euros/hora Media 2022


	Total	Homes	Mulleres	Brecha salarial
Galicia	9,4	10	8,8	12,0
15030 Concello da Coruña	10,9	11,9	10,1	15,1
15036 Concello de Ferrol	9,6	10,3	8,7	15,5
15078 Concello de Santiago	10,6	11,3	9,9	12,4
27028 Concello de Lugo	9	9,3	8,8	5,4
32054 Concello de Ourense	9,2	9,6	9	6,3
36038 Concello de Pontevedra	9,9	10,1	9,6	5,0
36057 Concello de Vigo	10,4	11	9,8	10,9

Fonte: Estudio sobre salarios. Salarios nos sete grandes concellos galegos. Instituto Galego de Estatística

BRECHA SALARIAL EN GALICIA

No ano 2022, as mulleres galegas percibiron un salario medio anual inferior nun 17,7% ao dos homes.

EVOLUCIÓN BRECHA SALARIAL GALICIA



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa Anual de Estrutura Salarial Anos 2010- 2022. INE.

A brecha salarial en Galicia sitúase no 17,7% de media anual. A brecha así calculada ten en conta as retribucións medias anuais de mulleres e homes, o número de horas traballadas e a duración do contrato.

SALARIO MEDIO ANUAL GALICIA

A diferenza retributiva anual entre homes en mulleres en Galicia no ano 2022 foi de 4.714,14 €. As mulleres galegas perciben un salario medio similar (o dato máis próximo) ao que percibían os homes galegos no ano 2009. Ao redor de 13 anos que recuperar para acadar a igualdade salarial.

	Mulleres	Homes	Diferenza a favor homes (€)	%M/H
2004	12.713,83	17.260,69	4.546,86	26,3
2005	13.342,46	17.974,15	4.631,69	25,8
2006	14.243,82	19.021,50	4.777,68	25,1
2007	15.007,78	19.511,30	4.503,52	23,1
2008	16.646,42	21.105,60	4.459,18	21,1
2009	17.342,32	21.829,80	4.487,48	20,6
2010	17.691,11	22.626,21	4.935,1	21,8
2011	17.291,96	22.381,85	5.089,89	22,7
2012	16.727,15	22.059,69	5.332,54	24,2
2013	17.258,21	22.522,55	5.264,34	23,4
2014	17.797,03	22.505,05	4.708,02	20,9
2015	18.093,26	23.189,76	5.026,5	22,0
2016	18.294,47	23.774,21	5.479,74	23,0
2017	18.833,53	24.321,64	5.488,11	22,6
2018	19.543,17	24.826,91	5.283,74	21,3
2019	19.818,26	24.542,83	4.724,57	19,3
2020	20.446,53	25.276,16	4.829,63	19,1
2021	20.904,37	25.794,19	4.889,82	19,0
2022	21.912,75	26.626,89	4.714,14	17,70

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Anos 2010 - 2022. INE.

A diferenza salarial anual entre homes e mulleres no ano 2022, sitúase nos 4.714,14 euros. No último ano, os salarios dos homes medraron de media 832,70 mentres que os das mulleres medran 1.008,38 euros. Cae a brecha en 175,68 euros. Aínda así, o salario medio das mulleres galegas sitúase no 2022 en niveis similares aos que tiñan os homes no ano 2009, 13 anos de desigualdade, o que pon de manifesto as grandes diferenzas existentes, así como a lenta revalorización do salario feminino.

Se contabilizamos a brecha salarial en euros, constátase como as mulleres en Galicia deixaron de percibir 2.493,31 millóns de euros no ano 2022.

	Retribución media anual mulleres	Retribución media anual homes	Diferenza a favor homes (€)	Mulleres ocupadas	Total brecha en millóns de euros
2014	17.797,03	22.505,05	4.708,02	473.700	2.230,2
2015	18.093,26	23.189,76	5.096,50	479.000	2.441,2
2016	18.294,47	23.774,21	5.479,74	491.700	2.694,4
2017	18.833,53	24.321,64	5.488,11	501.400	2.751,74
2018	19.543,17	24.826,91	5.283,74	515.000	2.721,13
2019	19.818,26	24.542,83	4.724,57	521.200	2.462,45
2020	20.446,53	25.276,16	4.829,63	505.300	2.440,41
2021	20.904,37	25.794,19	4.889,82	513.800	2.512,39
2022	21.912,75	26.626,89	4.714,14	528.900	2.493,31

Fonte: Elaboración propia a partir de Enquisa anual de estrutura salarial 2014-2022 e EPA 2022

A brecha salarial traducida en euros, supón que as mulleres galegas deixaron de percibir 2.493,31 millóns de euros no ano 2022, e isto deixando á marxe o que supoñería o traballo non retribuído das mulleres que se desempeña dentro do ámbito familiar coidando menores, persoas dependentes e realizando as tarefas do fogar, no que non entrarían só as mulleres ocupadas.

SALARIO MEDIO ANUAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

As mulleres galegas temos unha brecha salarial superior á do conxunto do Estado, e percibimos un 10% menos de salario anual que a media das mulleres do conxunto do Estado (somos a sexta CCAA onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo).

	Ambos sexos	Mujeres	Hombres	Brecha salarial
Total Nacional	26.948,87	24.359,82	29.381,84	17,09
Andalucía	24.094,32	21.729,48	26.189,50	17,03
Aragón	26.012,71	23.138,72	28.789,96	19,63
Asturias, Principado de	26.745,93	23.792,42	29.573,74	19,55
Balears, Illes	27.145,79	26.054,20	28.155,99	7,46
Canarias	23.096,92	22.574,98	23.588,70	4,30
Cantabria	25.291,14	22.564,11	27.820,83	18,89
Castilla y León	24.186,89	21.773,27	26.548,08	17,99
Castilla - La Mancha	23.751,71	21.312,65	25.813,23	17,44
Cataluña	28.774,55	25.659,03	31.878,42	19,51
Comunitat Valenciana	24.510,34	22.135,35	26.683,85	17,05
Extremadura	21.922,73	20.637,14	23.170,92	10,94
Galicia	24.169,68	21.912,75	26.626,89	17,70
Madrid, Comunidad de	31.230,73	28.123,47	34.113,40	17,56
Murcia, Región de	23.851,69	20.956,37	26.240,66	20,14
Navarra, Comunidad Foral de	29.189,52	26.033,30	31.959,85	18,54
País Vasco	32.313,73	29.314,69	35.095,67	16,47
Rioja, La	24.903,38	22.264,39	27.741,60	19,74

Fonte: Enquisa Anual de estrutura salarial Ano 2022. INE.

Os ingresos medios das mulleres galegas (21.912,75 euros) foron 2.447,07 euros inferiores á media dos salarios medios das mulleres do conxunto de comunidades autónomas (-10%). As mulleres galegas perciben un 25,2% menos de salario que as mulleres vascas (consideradas estas por ter o maior salario).

A estrutura de emprego e ocupación non é homoxénea en todas as CCAA, o que explica a variación da fenda salarial dunhas comunidades e outras, pero en todas os salarios das mulleres son moito máis baixos que os dos homes.

COMPLEMENTOS SALARIAIS

Nos pagos extraordinarios a brecha elévase ao 27,5%.

	Mulleres	Homes	Diferenza a favor homes (€)	Brecha salarial
Salario bruto	21.912,75	26.626,89	4.714,14	17,7
Pagos extraordinarios	1.937,49	2.671,87	734,38	27,5
Valoración en especie	48,70	86,08	37,38	43,4
Salario ordinario	19.926,56	23.868,94	3.942,38	16,5

Fonte: Enquisa Cuadrienal de Estructura Salarial Ano 2022. INE.

Un factor que explica por si mesmo a brecha salarial é a existencia ou non de complementos salariais e o seu peso sobre o total de salario bruto. O peso que teñen os complementos salariais no caso do salario bruto anual dos homes é moi superior, (734,38 euros máis) ao das mulleres, o que supón unha brecha do 27,5%; actuando sobre estes poderíase reducir en boa medida a desigualdade nos salarios entre homes e mulleres, e máis tendo en conta que moitas veces estes complementos non se basean en cuestións obxectivas nin cuantificables, polo que esconden tras de si discriminacións directas.

TIPO DE CONTRATACIÓN

A contratación indefinida garante uns salarios máis elevados (pero é onde o número de mulleres é inferior) e reflicte unha brecha salarial superior.

Galicia. Ganancia media anual por persoa traballadora, sexo e tipo de contrato

	Mulleres	Homes	Diferenza a favor homes (€)	Brecha salarial
Indefinido	21.729,33	27.066,41	5.337,08	19,7
Temporal	23.125,91	22.821,93	-303,98	-1,3

Fonte: Enquisa Anual de Estructura Salarial Ano 2022. INE.

A maior temporalidade diminúe a brecha salarial, sendo nos contratos de duración indefinida nos que se amosa un maior diferencial entre homes e mulleres. No ano 2022 en Galicia houbo 377.600 homes con contratos indefinidos (cuxo salario é superior nun 19,7% ao feminino) fronte a 344.800 mulleres; houbo 75.300 homes con contrato de duración determinada fronte a 98.800 mulleres (cunha brecha do -1,3%).

Os salarios dos contratos temporais son moi inferiores aos de duración indefinida, onde as mulleres son maioría. Pola contra, na contratación indefinida, onde son máis homes que mulleres, ademais de ter ganancias moi superiores, a diferenza salarial media elévase a 5.337,08€ (a muller percibe máis que os homes, 303,98 euros, nos temporais).

A brecha salarial nos contratos a tempo completo é do 7,9%, mentres que nos contratos a tempo parcial sitúase no 10,8%, polo que independentemente da variable que analicemos, as mulleres sempre perciben salarios inferiores ás dos homes. De feito, de todo o emprego a tempo parcial a gran maioría son mulleres.

Galicia. Ganancia media anual por persoa traballadora, sexo e tipo de xornada

	Mulleres	Homes	Diferenza a favor homes (€)	Brecha Salarial
Xornada a tempo completo	26.460,18	28.734,79	2.274,61	7,9
Xornada a tempo parcial	11.040,86	12.375,79	1.334,93	10,8

Fonte: INE. Enquisa Cuadrienal Estrutura Salarial (2022).

Traballar a tempo parcial segue sendo unha causa de discriminación salarial. 107.500 mulleres, case unha de cada catro faino a tempo parcial. Os seus salarios medios sitúanse en 11.040,86 euros. O 24,1% das mulleres traballan a tempo parcial. No caso dos homes redúcese a 6% e os salarios ascenden a 12.375,79 euros anuais.

Brecha salarial en relación ao tipo de xornada e poboación asalariada (2022)

	Salario medio Mulleres	Salario medio Homes	Diferenza euros (€)	% Brecha salarial	Mulleres asalariadas	Homes asalariados
Total	21.912,75	26.626,89	4.714,14	17,70443	443.600	452.900
Xornada a tempo completo	26.460,18	28.734,79	2.274,61	7,92	336.100	425.700
Xornada a tempo parcial	11.040,86	12.375,79	1.334,93	10,79	107.500	27.200

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Ano 2022 e Enquisa de Poboación Activa. INE.

A brecha salarial entre homes e mulleres redúcese se analizamos separadamente a modalidade de xornada, situándose no 7,92% no caso da xornada a tempo completo e o 10,8% se revisamos os salarios das persoas que traballan con xornada a tempo parcial.

Mellora no tempo da brecha en ambos tipos de xornada, moita máis acusada no caso da xornada a tempo parcial.

Ao analizar a ganancia por hora a muller segue saíndo moi prexudicada no caso da ganancia hora a tempo parcial. Non só sae prexudicada por ter unha maior necesidade de recorrer a traballo a tempo parcial senón que ca variable hora se comproba que ademais cobra menos, que un home por hora traballada.

Ganancia media por hora por tipo de xornada

	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Diferencia	Brecha
Xornada a tempo completo	12,22	11,82	12,59	0,74	5,9
Xornada a tempo parcial	8,94	8,59	9,43	1,24	12,6

Evolución brecha salarial (ano 2022, último ano dispoñible a nivel de Galicia)

	2014	2018	2022
Total	20,9	21,3	17,7
Completo	10,2	11,4	7,9
Parcial	7,5	16,5	10,8

Fonte: INE. Enquisa Cuadrienal Estrutura Salarial (2014 – 2018 – 2022).

SECTOR PÚBLICO/PRIVADO A brecha salarial nas empresas de control público sitúase no 5,8% fronte ao 25,9% nas empresas de control privado

	Mulleres	Homes	Diferenza a favor homes (€)	BRECHA SALARIAL
Control da empresa público	32.556,81	34.571,08	2.014,27	5,8
Control da empresa privado	18.524,33	25.013,22	6.488,89	25,9

Fonte: Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial 2022 INE.

Tendo en conta a Enquisa cuadrienal de Estrutura Salarial 2022 do INE a brecha salarial en empresas de control público é do 5,8% fronte ao 25,9% nas empresas de control privado.

O persoal ao servizo das administracións públicas, que contan cun total de 172.202 persoas, 61,5% son mulleres (105.943). (Fonte: Boletín de personal al servicio de las admores. públicas de xaneiro de 2024 último dispoñible do Registro Central de personal).

TRAMOS DE IDADE

As mulleres sofren a brecha salarial en calquera tramo de idade.

	Mulleres	Homes	Brecha M/H 2022
Todas as idades	21.912,75	26.626,89	17,7
Menos de 25 años	-11.973,19	-14.613,48	-18,1
De 25 a 34 anos	18.388,77	20.121,67	8,6
De 35 a 44 anos	21.220,49	26.312,22	19,4
De 45 a 54 anos	23.522,56	28.701,53	18,0
55 e máis años	24.124,03	30.858,34	21,8

*Nota: Cando aparece un signo '-' antes do dato, indica que o número de observacións mostrais está comprendido entre 100 e 500, polo que a cifra é pouco fiable e hai que interpretala con cautela.

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial 2022. INE.

Mentres que as mulleres entre 25 e 34 anos sofren unha brecha salarial do 8,6%, as de máis de 35 anos a 44 anos sofren unha brecha do 19,4%. Nos seguintes tramos de idade, de 45 en diante a brecha aumenta ao 18% e nas de 55 e mais anos no 21,8% Mostra da falta de igualdade no mercado laboral a calquera idade.

SALARIOS SEGUNDO ESTUDOS

A igual formación, as mulleres perciben sempre salarios inferiores aos dos homes. Unha muller para percibir unha cantidade superior aos 21.461,00 euros que os homes ingresan tendo estudos primarios, necesitan ter Ensinanzas de formación profesional de grao superior e similares.

	Mulleres	Homes	Diferenza a favor homes (€)	Brecha
Todos os estudos	21.912,75	26.626,89	4.714,14	17,7
I. Menos que primaria
II. Educación primaria	14.600,17	21.461,00	6.860,83	32,0
III. Primeira etapa de educación secundaria	16.056,09	22.343,53	6.287,44	28,1
IV. Segunda etapa de educación secundaria	17.945,80	23.526,63	5.580,83	23,7
V. Ensinanzas de formación profesional de grao superior e similares	21.188,67	28.464,78	7.276,11	25,6
VI. Diplomatura universitaria e similares	28.074,29	35.537,65	7.463,36	21,0
VII. Licenciatura e similares, e doutoramento universitario	37.057,07	43.198,52	6.141,45	14,2

Nota: Cando aparece un signo '-' antes do dato, indica que o número de observacións mostrais está comprendido entre 100 e 500, polo que a cifra é pouco fiable e hai que interpretala con cautela.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial 2022.

A igual nivel de estudos as mulleres perciben menos salario que os homes con independencia da categoría analizada. A brecha salarial supera o 20% en todos os niveis analizados excepto no caso de ter **Licenciatura e similares, e doutoramento universitario** (14,2%) pero estamos a falar dunha diferenza de 6.141,45 euros. A brecha dispárase aínda máis no caso dos estudos primarios, alcanzando unha diferenza do 32%.

A táboa reflicte que un home con estudos primarios percibe unha retribución media de 21.461,00 euros, mentres que unha muller, para alcanzar dita retribución salarial necesita ter **Ensinanzas de formación profesional de grao superior e similares**.

RAMAS DE ACTIVIDADE

En todas as ramas de actividade económica os salarios das mulleres son inferiores aos dos homes. En Servizos ás empresas, co 25,7%, na de Comercio, reparación e transporte co 24,4% e na de Entidades Financeiras e Aseguradoras cun 24% preséntanse as brechas máis elevadas.

Salario medio anual por ramas de actividade económica e sexo Galicia 2023

	Salario Homes	Salario Mulleres	Brecha 2023	% mulleres asalariadas 2023	Mulleres Asalariadas 2023
Total sectores	25.527	20.840	18,4	48,5	525.677
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	19.460	15.678	19,4	21,4	5.253
Industria extractiva, enerxía e auga	32.971	27.535	16,5	20,7	2.218
Industria	28.232	21.742	23,0	31,2	41.414
Construción e actividades inmobiliarias	23.130	21.012	9,2	16,5	13.291
Comercio, reparacións e transporte	25.216	19.069	24,4	45,5	108.345
Información e comunicacións	32.171	25.289	21,4	36,2	9.673
Entidades financeiras e aseguradoras	44.212	33.615	24,0	55,0	10.260
Servizos ás empresas	21.393	15.888	25,7	53,8	77.064
Servizos sociais	32.474	27.202	16,2	65,7	182.266
Outros servizos persoais e de ocio	13.613	10.462	23,1	58,2	75.894

Fonte: AEAT “Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias” Ano 2023

En “Comercio, reparacións e transporte” na que están ocupadas máis da quinta parte das mulleres, soportan unha brecha salarial do 24,4%. Nos Servizos ás empresas onde hai 77.064 ocupadas a brecha é do 25,7%. Tamén na “Industria” con 41.414 mulleres asalariadas e teñen un peso sobre o total de persoas asalariadas no sector do 31,2% a brecha é do 23%. As menores diferenzas danse na “Construción e actividades inmobiliarias” e “Servizos sociais”, cun 9,2% e un 16,2% de brecha salarial, respectivamente. Na construción o número de mulleres en relación ao total de persoas asalariadas é escaso, o 16,5% do total, e dado que as súas labores soen ser de tipo técnico, comercial, de xestión, etc. están mellor retribuídas. Nos “Servizos sociais” hai un gran peso do emprego público e polo tanto menor segregación e discriminación por sexo. As mulleres nos “Servizos sociais” representan o 65,7% do total de persoas asalariadas no sector.

Brecha salarial por ocupación

Penalízase moito máis as mulleres empregadas nas Ocupacións elementais que noutras ocupacións. Así a brecha salarial en ocupacións elementais chega ao 29,3% (emprego doméstico, limpeza...)

En ocupacións como persoal empregado contable, administrativo e outras persoas empregadas de oficina a brecha é superior á media, un 19,7% e tamén nos servizos de restauración, persoas, protección e vendedores cunha forte presenza feminina a brecha supera o 20%.

	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Diferencia H/M	Brecha
Todas as ocupacións	24.169,68	21.912,75	26.626,89	4.714,14	17,70
2 Persoal Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	35.966,08	34.080,04	39.285,88	5.205,84	13,25
3 Persoal Técnico; profesionais de apoio	28.840,69	26.164,56	30.931,21	4.766,65	15,41
4 Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina	23.000,28	21.359,78	26.594,29	5.234,51	19,68
5 Traballadoras e traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	16.692,18	15.625,72	19.560,23	3.934,51	20,11
9 Ocupacións elementais	17.004,78	14.392,68	20.364,85	5.972,17	29,33

Hai ocupacións das que non se aportan datos fiables.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial 2022.

Forma de regulación das relacións laborais

Maior brecha na regulación laboral de ámbito de empresa ou centro de traballo. Sendo a menor brecha nos convenios de ámbito estatal.

	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Diferencia H/M	Brecha
Todas	24.169,68	21.912,75	26.626,89	4.714,14	17,70
Total convenios	22.434,59	19.371,27	25.510,33	6.139,06	24,06
Ámbito Estatal	21.928,57	19.429,06	25.124,83	5.695,77	22,67
Ámbito inferior al Estatal	20.377,93	17.562,41	23.035,71	5.473,30	23,76
Ámbito empresa o centro de traballo	29.665,63	25.299,38	33.320,83	8.021,45	24,07

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial 2022.

Tamaño da empresa

Na gran empresa é onde menor brecha salarial existe, o 14,8%. De feito, é a que modera as altas brechas existentes nas empresas de 50 a 199 de 23,4% e de 1 a 49, brecha do 23%.

	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Diferencia H/M	Brecha
Total	24.169,68	21.912,75	26.626,89	4.714,14	17,70
De 1 a 49	19.665,81	17.124,26	22.241,44	5.117,18	23,01
De 50 a 199	26.442,18	22.676,96	29.588,93	6.911,97	23,36
De 200 o más	31.156,09	29.161,52	34.208,20	5.046,68	14,75

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial 2022.

SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL

O 40,5% das mulleres asalariadas teñen ingresos salariais menores ou iguais ao SMI fronte ao 27,9% dos homes, pero a situación invértese nos salarios máis altos.

Galicia 2023 Persoas asalariadas por tramos de salarios (SMI)

	Homes	Mulleres	% M
Total tramos de salario	557.327	525.677	48,5
De 0 a 0,5 SMI	80.355	100.099	55,5
De 0,5 a 1 SMI	75.173	112.930	60,0
SMI OU INFERIOR	155.528	213.029	57,8
% s/ total	27,9	40,5	
De 1 a 1,5 SMI	148.221	136.999	48,0
De 1,5 a 2 SMI	104.156	67.624	39,4
De 2 a 2,5 SMI	51.782	39.469	43,3
De 2,5 a 3 SMI	38.982	30.489	43,9
De 3 a 3,5 SMI	20.721	16.782	44,7
De 3,5 a 4 SMI	11.994	7.098	37,2
De 4 a 4,5 SMI	7.505	4.334	36,6
De 4,5 a 5 SMI	4.832	2.949	37,9
De 5 a 7,5 SMI	9.809	5.825	37,3
De 7,5 a 10 SMI	2.060	661	24,3
5 ou máis veces o SMI	13.606	6.904	33,7
% s/ total	2,4	1,3	

Fonte: AEAT "Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias" Ano 2023

O Salario Mínimo Interprofesional (SMI) do 2023 foi de: SMI 15.120 euros.

No ano 2023 segundo a AEAT, un 40,5% de mulleres asalariadas teñen ingresos salariais menores ou iguais ao Salario Mínimo Interprofesional (15.120 euros/ano) fronte ao 27,9% dos homes asalariados. Se pola contra facemos unha análise dos salarios máis elevados, 13.606 homes tiveron salarios cinco veces superiores ao SMI, fronte a 6.904 mulleres.

Fonte: Para a AEAT enténdese por persoa asalariada, o colectivo formado polas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregadas por conta allea en xeral). A referencia anual para a definición da poboación asalariada e a existencia de situacións de pluriemprego, de traballo a tempo parcial e de relacións laborais de duración inferior ao ano posibilita que unha persoa asalariada obteña, ao longo do ano, percepcións salariais de dúas ou máis empresas ou entidades.

PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

As beneficiarias de prestación por desemprego perciben unha contía inferior á dos homes nun 11%.

	Desempregadas/os con prestación		Prestación media anual		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Brecha
2023 TOTAL	95.697	109.133	3.830	3.410	11%

Fonte: AEAT “Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias” Ano 2023

Desde sempre as mulleres teñen menos acceso ás prestacións por desemprego debido ás escasas cotizacións, tanto en termos temporais como monetarios, derivada das súas condicións de contratación e salario, polo que moitas son as situacións nas que non se acadan os mínimos requiridos para ser beneficiarias deste tipo de prestación o que deriva en que a súa situación de risco de exclusión e vulnerabilidade sexa superior á dos homes.

En Galicia, mentres que un home perciben unha prestación media anual de 3.830 euros, a das mulleres sitúase en 3.410 euros (un 11% inferior).

PENSIÓNS

Mentres que no ano 2002 a diferenza entre a pensión de xubilación dun homes e dunha muller en Galicia era de 188,48 euros, no ano 2024 elévase a 483,55 euros.

	Número		Importe medio (euros)			
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Diferenza a favor homes (€)	Brecha
2002	237.695	193.147	567,03	378,55	188,48	33,24
2006	242.410	191.575	707,81	454,03	253,78	35,85
2010	253.923	192.403	875,55	546,71	328,84	37,56
2014	268.348	197.041	997,18	617,99	379,19	38,03
2016	271.375	198.862	1.041,41	646,76	394,65	37,90
2017	273.062	200.584	1.061,64	664,00	397,64	37,46
2018	273.549	201.255	1.080,80	679,20	401,60	37,16
2019	275.136	203.459	1.128,88	718,65	410,88	36,40
2020	274.942	204.630	1.154,60	740,37	414,23	35,88
2021	274.727	206.243	1.183,68	764,79	418,89	35,4
2022	274.251	209.220	1.256,87	822,65	434,22	34,5
2023	274.647	210.647	1.371,93	902,52	469,41	34,2
2024	275.024	213.037	1.441,63	958,08	483,55	33,5

Fonte: Media anual. Seguridade Social.

Entre os anos 2002 e 2024 increméntase o número de homes que perciben unha pensión de xubilación en Galicia en 37.329, fronte a un incremento de 19.890 mulleres.

En canto ás diferenzas no importe medio destas pensións, lonxe de diminuír, foise incrementando co paso dos anos, xa que ben no ano 2002 a diferenza entre a pensión media dun home e dunha muller era de 188,48 euros, no ano 2024 situase nos 483,55 euros.

A brecha salarial nas pensións de xubilación é do 33,5%.

Pensións contributivas da Seguridade Social por clases e importe medio. Galicia 2024

	Número		Importe medio (euros)			
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Diferenza a	Brecha*
Total	356.368	421.385	1.311,38	875,72	435,66	33,2
Incapacidade permanente	47.504	27.969	1.118,11	947,69	170,42	15,2
Xubilación	275.024	213.037	1.441,63	958,08	483,55	33,5
Viuvez	18.861	165.178	526,23	787,64	-261,41	-49,7
Orfandade	12.392	10.903	497,95	497,47	0,48	0,1
Favor familiares	2.587	4.298	633,75	669,76	-36,01	-5,7

**Cando o resultado da brecha é positivo, a diferenza de pensións é favorable aos homes, mentres que si se obtén unha brecha negativa, a diferenza é favorable ás mulleres.*

Fonte: Media anual. Seguridade Social.

Da análise das pensións contributivas da Seguridade Social, de todas as clases, en Galicia no ano 2024 compróbase un importe medio mensual de 875,72 euros para as mulleres, moi inferior aos 1.311,38 euros que perciben os homes.

Se temos en conta só a pensión de xubilación, o diferencial é aínda máis elevado, xa que o importe medio que perciben as mulleres se sitúa nos 958,08 euros, fronte aos 1.441,63 euros dos homes.

Hai só dous casos no que existen unha diferenza salarial a favor das mulleres, un deles atopámolo no caso das pensión de viuvez (sendo o importe medio para as mesmas de 787,64 euros, e tendo en conta que esta pensión en moitos casos é a única fonte de ingresos das mulleres, non así nos homes) o que pon de manifesto unha vez máis, os salarios máis elevados que perciben os homes.

CONCLUSIONES

- Segundo Eurostat, a brecha salario/hora en España sitúase no 8,9% sendo a brecha media na Unión Europea do 12,7%.
- Se analizamos o salario hora en España segundo datos do INE, as mulleres galegas, en termos de retribución por hora que perciben é un 11,5% inferior á dos homes galegos.
- As mulleres galegas ocupan o 2º posto de menor retribución por hora percibida de todo o Estado.
- A brecha salarial (que se calcula en función das retribucións medias anuais de mulleres e homes, e ten en conta tanto o número de horas traballadas como a duración do contrato) no ano 2022, foi para as mulleres galegas do 17,7%.
- A diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia no ano 2022 foi de 4.714,14€. As mulleres galegas perciben un salario medio similar (o dato máis próximo) ao que percibían os homes galegos no ano 2009.
- Se contabilizamos a brecha salarial en euros, constátase como as mulleres en Galicia deixaron de percibir 2.493,31 millóns de euros no ano 2022.
- As mulleres galegas temos unha brecha salarial superior á do total nacional e percibimos un 10% menos de salario anual que a media das mulleres do conxunto do Estado (somos a sexta CCAA onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo).
- O peso que teñen os complementos salariais no caso do salario bruto anual dos homes é moi superior (734,38 euros máis) ao das mulleres, o que supón unha brecha do 27,5%, e explica en parte o diferencial existente.
- A contratación indefinida garante uns salarios máis elevados (onde o número de mulleres é inferior) e reflicte unha brecha salarial superior.
- A brecha salarial nos contratos a tempo completo é do 7,9%, mentres que nos contratos a tempo parcial sitúase no 10,8%, polo que independentemente da variable que analicemos, as mulleres sempre perciben salarios inferiores ás dos homes.
- A brecha salarial nas empresas de control público sitúase no 5,8% fronte ao 25,9% nas empresas de control privado.
- En todos os tramos de idade as mulleres perciben salarios inferiores aos dos homes, non hai excepción.

- A igual formación, as mulleres perciben sempre salarios inferiores aos dos homes. Unha muller para percibir unha cantidade superior aos 21.461,00 euros que os homes ingresan tendo estudos primarios, necesitan ter estudos de Ensinanzas de formación profesional de grao superior e similares.
- O 40,5% das mulleres asalariadas teñen ingresos salariais menores ou iguais ao SMI fronte ao 27,9% dos homes, pero a situación invértese nos salarios máis altos. Das persoas asalariadas que perciben cantidades iguais o menores ao SMI o 57,8son mulleres (213.029 fronte a 155.528 homes).
- As beneficiarias de prestación por desemprego perciben é inferior á dos homes nun 11%.
- E nesta análise non podemos esquecer as condicións salariais de 22.167 (dato 2024) traballadoras do Réxime Especial de persoas empregadas do fogar da Seguridade Social (tan só hai 546 homes neste réxime). Das 4.264 traballadoras no réxime especial do mar (14.075 homes), das 1.750 traballadoras no réxime especial agrario (4.343 homes) e das 83.551 mulleres no réxime especial de autónomos (fronte a 121.038 homes)
- A brecha salarial nas pensións de xubilación situase para as mulleres galegas no 33,5% xa que o importe medio que perciben sitúase nos 958,08 euros, fronte aos 1.441,63 euros que perciben os homes.

REIVINDICACIÓNS

- En primeiro lugar, reivindicamos o cumprimento do artigo 28 do Estatuto dos Traballadores, sobre traballos de igual valor, que persegue corrixir a infravaloración do traballo das mulleres, así como o traslado das normas recollidas nos Reais Decretos de Igualdade Retributiva e de Plans de Igualdade a todas as empresas.
- Esiximos que a Seguridade Social facilite información sobre as reducións de xornada por coidados de fillos e fillas e outros familiares en termos económicos e que esta información sexa recollida posteriormente na Enquisa de Estrutura Salarial para saber realmente o peso económico que teñen os coidados nos salarios.
- Desde UGT seguimos reivindicando a revisión do uso excesivo do contrato a tempo parcial que penaliza a máis de 100.000 mulleres en Galicia a vivir de maneira precaria e envellecer, nunha porcentaxe elevada, en condicións de pobreza.
- UGT demanda que se modifique a norma que permite a absorción e compensación dos complementos salariais nas subidas do SMI. Este feito xera que todas as mulleres que cobran o SMI, leven anos co salario conxelado. En concreto o artigo 26 do Estatuto dos Traballadores e que esa modificación sexa recollida nos sucesivos acordos de SMI. E así se recolleu no acordo asinado o pasado 10 de febreiro polo Goberno, CCOO e UGT. Nun prazo de dous meses constituirase unha mesa de Diálogo Social para traspoñer a Directiva (UE) 2022/2041 do Parlamento Europeo e do Consello do 19 de outubro de 2022 sobre uns salarios mínimos adecuados na Unión Europea.
- Igualmente, reclamamos ao Ministerio de Traballo e Ministerio de Igualdade que constitúa unha mesa Diálogo Social para traspoñer a Directiva (UE) 2023/970 do Parlamento Europeo e do Consello do 10 de maio de 2023 pola que se reforza a aplicación do principio de igualdade de retribución entre homes e mulleres por un mesmo traballo ou un traballo de igual valor a través de medidas de transparencia retributiva e de mecanismos para o seu cumprimento. Agora esiximos que se convoquen as mesas de diálogo social para traspoñer á nosa normativa nacional todas as novidades introducidas para alcanzar a transparencia salarial en todas as empresas.

- Reivindicamos plans de actuación da Inspección de Traballo en materia de igualdade retributiva entre mulleres e homes, para que actúen de oficio naquelas situacións onde se infravalora o traballo das mulleres. Para iso, son necesarios criterios claros sobre rexistros retributivos, valoración de postos de traballo e auditorías retributivas.
- Tamén pedimos ao Ministerio de Traballo que leve a cabo a explotación do Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos, Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade, no referente a igualdade retributiva: rexistros salariais, valoracións de posto de traballo con perspectiva de xénero e auditorías retributivas, para coñecer a cantidade e a calidade da implementación das ferramentas para eliminar as discriminacións salariais cara as mulleres.
- Reiteramos, ademais, o noso compromiso pola eliminación das posibles discriminacións por razón de xénero nas retribucións e, para iso, solicitamos á Xunta estatísticas que analicen a ocupación e o nivel de estudos desagregados por sexo e idade para analizar con maior precisión que sucede coas mulleres novas que a pesar dos seus niveis de formación académica, perciben salarios inferiores aos homes da súa mesma idade.